

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Extraordinaria celebrada en data luns 2 de marzo de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“10.- Declaración institucional con motivo do 8 de marzo.

- 1) *Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.*
- 2) *Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:*
 1. *Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.*
 2. *Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.*
 3. *Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.*
- 3) *Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras.*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde